

## MEMORIA DO CITI 2008-2009

### Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI)

O Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI) nace co obxectivo principal de impulsar e mellorar a transferencia de coñecemento dende a Universidade de Vigo cara empresas, a través do desenvolvemento de proxectos conxuntos de I+D+i nas áreas agroalimentaria, biotecnoloxía, enerxía, medio ambiente e tecnoloxías da información. Polo tanto, o CITI nace como un centro:

- para crear coñecemento a partir da investigación,
- para transferir coñecemento desde a Universidade ao tecido empresarial,
- fonte de ideas innovadoras a partir das cales construír novas empresas.

A ubicación estratéxica do CITI no Parque Tecnolóxico de Galicia (TECNOPOLE) favorece as relacións da Universidade de Vigo, e máis especificamente do Campus de Ourense, coas empresas do entorno, facilitando o desenvolvemento de proxectos conxuntos a partir da transferencia do coñecemento adquirido.

O CITI está operando dende finais de Maio co traslado dos grupos de investigación, e na actualidade están a desenvolver as súas tarefas de investigación 5 dos 12 grupos de investigación que teñen un espazo asignado no CITI, ademais da Oficina de Proxectos de I+D+i do Campus de Ourense. Estes grupos de investigación fundamentalmente do Campus de Ourense que contan con unha gran proxección e alta capacidade de captación de recursos externos tirarán proveito das infraestruturas científicas do Centro para manter e mellorar o seu nivel científico.

Durante o curso académico 2008-2009 leváronse a cabo diversas actividades co obxectivo de dar a coñecer e promover a imaxe, tanto interna como externa do CITI como un centro de investigación de referencia inserido na cidade de Ourense.

### 1. Promoción do CITI e Internacionalización

Para promocionar a imaxe do CITI e visibilizar e posicionar as súas actividades e os seus grupos cara o exterior tanto na comunidade universitaria coma no exterior dela e a súa Internacionalización, o centro participou en diversas xornadas e actividades ao longo do curso académico:

1.1. Elaboración dun plan de comunicación externo e interno do CITI. Esta tarefa levouse a cabo conxuntamente coa Área de comunicación da Universidade de Vigo, enmarcado desta actividade leváronse a cabo as seguintes accións:

- Creación dunha Identidade Corporativa: deseño dun logo e aplicacións (papelería,...).
- Elaborouse unha presentación do CITI que recollía a presentación do centro e os principais servizos que presta, así como unha descrición dos principais grupos de investigación: presentación tipo PowerPoint e colaboración no catálogo anual de Tecnopole.
- Creación dunha páxina Web do CITI. O primeiro paso foi deseñar a parte pública da páxina WEB que serve de plataforma de información, onde ofrece aos visitantes información xeral do CITI, dos servizos da Planta Piloto e dos seus grupos de investigación. Ao mesmo tempo creouse unha intranet onde se

implementou unha plataforma de traballo (axenda, organizar reunións, correo interno, wiki, blog, .etc) para facilitar a comunicación interna dos membros do CITI, así como ferramentas para facilitar a xestión e administración dos servizos e proxectos do CITI.

### 1.2. Presentación do CITI no *Seminario Internacional CREAS*:

Participación no Seminario Internacional 2008 a través da ponencia “Cooperación universidade-empresa” enmarcado na xornada de “Vinculación Ciencia-Empresa: Modelos de Innovación Tecnolóxica en Agro-Alimentos” que tivo lugar en Santiago de Chile o 6 de Outubro de 2008. Esta xornada organizada polo Centro Regional de Estudos en Alimentos Saludables (CREAS) tiña por obxectivo coñecer a opinión de experiencias de países nos que a relación ciencia-empresa xerou un importante desenvolvemento local, grazas ao fortalecemento competitivo das empresas, a xeración de solucións e produtos de alto valor engadido.

Nese Seminario fíxose unha presentación do CITI que despertou gran interese entre os asistentes chilenos, expoñendo un modelo de Centro de Investigación Universitario ubicado fora do campus nun entorno empresarial favorable para a innovación, como é Tecnópole.

### 1.3. *Forum Euro-Latinoamericano de Torino*

O CITI participou na segunda conferencia do Forum *Euro-Latinoamericano de Torino*: “Sistemas rexionais de innovación: da visión á realidade”, durante o 1-3 de abril de 2009 en Santiago de Compostela co apoio da Dirección Xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. O Forum Euro-Latinoamericano é unha rede creada para potenciar os vínculos de cooperación entre rexións innovadoras de Europa e América Latina, organizou esta conferencia coma unha oportunidade de “networking” para todos os participantes das institucións públicas e privadas que forman parte do Forum, interesados na utilización de coñecementos e innovacións tecnolóxicas para o desenvolvemento rexional, tanto de América Latina como de Europa.

A conferencia combinou sesións plenarias e actividades paralelas: grupos de traballo en temas tecnolóxicos, talleres en xestión da innovación e visitas técnicas a institucións galegas. Os temas xerais escollidos para os grupos de traballo foron: Tecnoloxía para alimentos, Enerxías renovables, Xestión medioambiental e TICs.

Concretamente, destacar que o CITI participou coordinando o grupo de traballo de Tecnoloxías para alimentos, centrando nos seguintes temas:

- Alimentos funcionais
- Valorización de subprodutos na industria alimentaria: solucións intersectoriais.
- Alimentos de orixe acuático: trazabilidade e seguridade alimentaria.

Ademais o CITI colaborou na organización da visita institucional deste grupo ao TECNOPOLE\_CETECA\_CITI a través das presentacións de iniciativas de colaboración e redes lideradas por membros de grupos de investigación do CITI.

## 2. Transferencia e valorización da tecnoloxía e capacidades dos grupos do CITI

O obxectivo desta actividade é divulgar e promover a tecnoloxía e coñecemento xerado nos grupos de investigación e os servizos centrais do CITI cara ao sector produtivo. Para acadar este obxectivo, leváronse a cabo as seguintes actividades:

### 2.1. *Feira Internacional Copenmind 2008:*

O obxectivo das sesións científicas da Feira Internacional de Tecnoloxías Limpas COPENMIND que tivo lugar en Dinamarca do 1-3 de Setembro de 2008, é propiciar o intercambio de coñecemento entre universidades e empresas de todo o mundo. Nesta cita o tema das tecnoloxías limpas abordou campos como o cambio climático, a contaminación atmosférica, a enerxía, a auga, os residuos e o reciclado e a agricultura e o solo.

O CITI xunto con diversos grupos de investigación da Universidade de Vigo, a través da Oficina de I+D da Universidade de Vigo, acudiron cun stand propio no que difundiron información relativa á oferta científica e tecnolóxica dos grupos científicos que traballan con tecnoloxías verdes, así como os resultados dos seus traballos. Ademais, tamén dispuxeron de material gráfico sobre patentes, co obxectivo de encontrar oportunidades de comercialización.

### 2.2. *Valorización das capacidades dos grupos de investigación*

Recopilación e elaboración dunha ficha coa relación dos proxectos, patentes, publicacións, liñas de investigación e persoal de cada grupo de investigación que forma parte do CITI. Esta información foi incorporada nunha base de datos para poder ser publicada na páxina Web do CITI. Actualmente estase a levar a cabo.

## 3. Relación co Parque Tecnolóxico de Galicia:

Enmarcado nas actividades anteriores, tivéronse en conta de maneira especial as relacións co Parque Tecnolóxico e os seus membros. Neste contexto, durante o curso académico participouse en diversas actividades co obxectivo de fomentar e mellorar as relacións entre as entidades do sector ubicadas en TECNOPOLE co fin de promover futuras colaboracións no desenvolvemento de proxectos conxuntos de investigación. Neste senso participouse nas seguintes actividades:

### 3.1. *Rede de Transferencia de Tecnoloxía (RTT)*

O CITI entrou a formar parte como entidade de TECNOPOLE na Rede de Transferencia de Tecnoloxía (RTT) da Asociación de Parques Científicos e Tecnolóxicos de España (APTE). Esta rede científica ten como obxectivos promover a colaboración, favorecer que as empresas fagan negocio, incentivar a I+D, fomentar os proxectos en cooperación, facilitar ás empresas o lanzamento de novos produtos e novas liñas de investigación.

Esta rede permitiranos a posibilidade de :

- Rexistro nun portal onde poder publicar e recibir as ofertas e demandas de colaboración a nivel nacional.
- Participación nos grandes encontros empresariais que organiza a Rede e participación nos encontros empresariais locais que organizan en TECNOPOLE.
- Acceso a información e participación en diversas redes de índole científica, onde se incentiva a divulgación e transferencia de tecnoloxías mediante o intercambio de información entre empresas e centros de investigación.

### 3.2. *WAINOVA: Atlas of Innovation*

A través do Parque Tecnolóxico de Galicia (TECNOPOLE) figura na APTE (Asociación de Parques Científicos e Tecnolóxicos de España), que é membro do WAINOVA Atlas of Innovation. O WAINOVA Atlas of Innovation é un proxecto desenvolvido polo WAINOVA (Alianza Mundial para a Innovación) e dirixido pola IASP (Asociación Internacional de Parques Científicos y Tecnolóxicos) que ten como obxectivo ofrecer unha visión da industria da innovación agrupando aos axentes e espazos existentes a nivel internacional que a integran.

A participación nesta iniciativa promoverá as actividades de Internacionalización do CITI, porque a versión online deste atlas inclúe información dos principais nodos de innovación mundiais, permitindo que todo o mundo poida consultar información sobre outros parques e empresas adscritos, promovendo as relacións de innovación entre os diferentes membros da rede de maneira global.

### 3.3. *Mesa Redonda sobre o Medio Ambiente*

Enmarcado nas actividades na Rede de Transferencia de Tecnoloxía (RTT), e con motivo do día Mundial do Medio Ambiente, a TECNOPOLE promoveu unha Mesa Redonda. Esta iniciativa que tivo lugar na sede no Parque Tecnolóxico de Galicia o 5 de Xuño de 2009, tiña por obxectivo reunir as entidades do Parque que dedican a súa actividade ao sector medioambiental, biotecnolóxico ou da enerxía. Nesta mesa redonda, os participantes expuxeron os seus servizos para desta forma lograr unha maior interrelación entre as entidades situadas no Parque Tecnolóxico de Galicia.

Concretamente a participación do CITI consistiu na realización dunha presentación do Centro e dar a coñecer as principais liñas de investigación e actividades relacionadas co Medio Ambiente que nel desenvolven os seus grupos de investigación.

### 3.4. *Relacións con outras entidades do Parque Tecnolóxico.*

Durante este curso académico promovéronse as seguintes colaboracións a nivel institucional e cos grupos de investigaciónn:

- Participación do CITI nos grupos de traballo de dinamización da Plataforma Tecnolóxica Agroalimentaria Galega (PTGAL), no que o Centro

Tecnolóxico da Carne, entidade da TECNOPOLE, é a secretaría desta Plataforma. Neste senso, esta entidade encargou ao CITI a responsabilidade da coordinación e desenvolvemento de actividades do grupo de Alimentos Funcionais. O obxectivo específico desta tarefa é poñer a punto os mecanismos de traballo dos grupos de dinamización e promover proxectos colaborativos de investigación nesta área, así como asesoramento no financiamento para proxectos e actividades conxuntas coas entidades PTGAL.

- Neste senso, durante este ano o CITI e os seus grupos de investigación promoveron un total de 9 proxectos e un total de 1.044.563 euros solicitados.

#### 4. Proxectos institucionais vixentes do CITI.

Enmarcado nas actividades de relacións coa Plataforma Tecnolóxica Agroalimentaria Galega, o CITI, a través da Oficina de Proxectos de I+D+i, participou activamente na preparación do proxecto Interreg: *Rede de innovación e desenvolvemento Tecnolóxico Agroalimentario Norte de Portugal-Galiza (REAL)*. Este proxecto foi aprobado cun orzamento total de 2.060.517'00 euros, onde a participación do CITI representa 200.000 euros.

Esta rede é unha iniciativa de varias institucións de I+D, empresas e asociacións da Eurorexión Galiza-Norte de Portugal, co obxectivo de constituír unha plataforma de cooperación e de apoio que fomente a innovación no sector Agro-Alimentario.

Os obxectivos concretos que se perseguen, son:

- Aglutinar unha masa crítica que represente o sector agroalimentario da Eurorexión, a través da creación dun foro cun enfoque multidisciplinar e integrado de I+D;
- Fomentar a integración das PEME's na rede e facilitar a súa aproximación aos Centros de Investigación e o desenvolvemento de novas oportunidades para a innovación;
- Posicionar REAL como a plataforma de referencia para o sector na Eurorexión co obxectivo de transformar a rede nunha base sólida para a competitividade Internacional das actividades;
- Fomentar o I+D+i no sector e a competitividade na Eurorexión, promovendo a interacción entre Universidade-Empresa a través de proxectos de investigación Colaborativos Transnacionais de interese para a Eurorexión.

Concretamente, as tarefas que está desenvolvendo o CITI no proxecto son:

- Coordinación da creación do portfolio da rede e tarefas de transferencia tecnolóxica e de innovación, xestión técnica e de calidade do proxecto.
- Subcoordinación na elaboración do documento estratéxico e o catálogo de servizos, así como a dirección estratéxica na creación da Rede.